

RESOLUCIÓN

D. CÉSAR LONGO QUEIJO, ALCALDE do Concello de Paderne,

Vistos os seguintes antecedentes correspondentes ao expediente 2022/A002/000001 Convocatoria Subvenciones. Programa de axudas ao sector das orquestras e verbenas (PEL- CONCELLOS OV) . AXUDAS ÁS COMISIÓNS ORGANIZADORAS DAS FESTAS PATRONAIS E POPULARES NO CONCELLO DE PADERNE DURANTE O ANO 2022 e os demais vinculados e relacionados co mesmo:

Por Resolución da Presidencia da Deputación Provincial da Coruña nº 2022 /25825 do 30 de maio de 2022, aprobáronse as bases reguladoras do Programa PEL-CONCELLOS_ Axudas ao sector das orquestras e verbenas (BOP nº 102 de 31 de maio de 2022).

Por decreto de alcaldía nº 247/2022 , do día 20/06/2022 acordouse a adhesión do concello ao PROGRAMA PEL-CONCELLOS_ Axudas ao sector das orquestras e verbenas na anualidade 2022, de acordo coas contías, deberes e compromisos nel establecidas.

No BOP núm. 140 de 26/07/2022 publicouse a Resolución de Presidencia nº 2022/32445 do 19 de xullo de 2022, pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao Programa de axudas ao sector das orquestras e verbenas (PEL-CONCELLOS OV) outorgando unha subvención ó Concello de Paderne polo importe de 5.000,00 €.

Por Decreto de Alcaldía nº 490/2022 de 17 /11/2022 se aprobaron as bases reguladoras das axudas ás comisións organizadoras de festas patronais e populares no Concello de Paderne durante o ano 2022 ao abeiro do Programa PEL-Concellos_ Axudas ao sector das orquestras e verbenas, do Plan de emprego local, anualidade 2022 e a convocatoria das mesmas por Decreto 493/2022 de 21/11/2022.

Publicadas as bases no Boletín Oficial da Provincia nº 224 do 25/11/2022 e no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Paderne, durante o prazo outorgado ao efecto, presentouse unha única solicitude pola Comisión de Festas de San Pantaleón das Viñas.

Examinada a documentación presentada e comprobado o cumprimento dos requisitos para ser beneficiario da subvención.

De acordo coa base 7ª "As subvencións faranse efectivas con cargo á aplicación orzamentaria 334.48000 por importe total de 5.000,00 €, que se repartirá de forma equitativa entre todas as asociacións ou comisións de festas que cumpran os requisitos recollidos nas presentes bases"



Visto o informe proposta obrante no expediente, no uso das atribucións que me outorga a Lexislación do réxime local , RESOLVO:

Primeiro: Conceder á Comisión de Festas de San Pantaleón das Viñas unha axuda polo importe de 5.000,00 € con destino a financiar a contratación das orquestras que cumpriron os requisitos establecidos no punto 4 das bases reguladoras correspondentes ás actuacións nas Festas de San Pantaleón das Viñas celebradas entre os días 27/07/2022 e 29/07/2022 , considerando que se presentou unha única solicitude ao abeiro da convocatoria municipal de axudas ás comisións organizadoras das festas patronais e populares no Concello de Paderne durante o ano 2022 con cargo á subvención outorgada pola Deputación Provincial na Resolución de Presidencia nº 2022/32445 do 19 de xullo de 2022, pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao Programa de axudas ao sector das orquestras e verbenas (PEL-CONCELLOS OV).

Segundo: A comisión de festas deberá achegar a documentación requirida na base décimo segunda das que rexen a convocatoria antes do día 28 febreiro de 2023, e terá en conta o establecido na base sétima respecto da contía.

Terceiro: O contido desta resolución publicárase na páxina web do concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Paderne.

Documento asinado dixitalmente

O Alcalde- Presidente

Asdo: César Longo Queijo